

O ENTROIDO NA COMARCA DO ULLA

Na comarca do Ulla hai unha celebración moi peculiar, "**Correos e Xenerais**" son os personaxes máis característicos.

O **Xeneral** (son varios), montado a cabalo, leva vestimenta militar con tódalas condecoracións posibles sobre a chaqueta, unha banda coas cores da bandeira galega ou española, empuñan bastón de mando ou sable e completan o disfraz cun bicornio ou sombreiro adornado con plumas.



Os **Correos** van montados a cabalo e visten chaquetiña axustada con flecos, adornada con cadenas e bisutería e gorro vistoso. Preceden á comparsa e piden permiso para que esta poida pasar.



Seguindo esta comitiva vai o coro, os músicos, máis atrás os **vellos** (disfraces varios) e pechando a comparsa o resto de Xenerais.

